

Convenio	Importe achegado pola consellería	Data sinatura
Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Ourense para a rehabilitación do conxunto de fachadas traseiras da rúa Pena Trevinca	170.119,22 €	11-9-2008
Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e a Universidade da Coruña para financiar o proxecto de investigación dun sistema de información xeográfica das actuacións da Consellería de Vivenda e Solo	205.000,00 €	11-9-2008
Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Tomiño para a realización do obradoiro ph paisaxes habitadas	60.234,00 €	16-9-2008
Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo, e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para a elaboración, publicación e divulgación do dicionario web da construción	52.520,00	26-9-2008
Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Fondo Galego para a Cooperación e Solidariedade para o proxecto de cooperación internacional rehabilitación integral do campo de refuxiados palestinos de Neirab (Siria)	250.000,00 €	10-11-2008
Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Fondo Galego para a Cooperación e Solidariedade para o apoio á reconstrución de 153 vivendas na provincia de Pinar del Río (Cuba)	70.000,00 €	10-11-2008
Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia para a rehabilitación dunha antiga vivenda tradicional no lugar de Ramil, no concello de Agolada	64.534,00 €	13-11-2008
Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e a Universidade de Santiago de Compostela para o curso de verán vitalidades históricas	6.000,00 €	13-11-2008
Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para o desenvolvemento das normas do hábitat galego e libro do edificio	194.000,00 €	3-12-2008
Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e a Asociación Marineda de Jóvenes Empresarios-AJE A Coruña para contribuír ao financiamento do XIII Congreso Nacional de Mozos Empresarios celebrado na Coruña o 2, 3 e 4 de outubro	30.000,00 €	9-12-2008
Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo	12.000,00 €	9-12-2008
Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Melide para a colocación de placas informativas no centro histórico de Melide	5.648,02 €	18-12-2008

INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA

Resolución do 21 de xaneiro de 2009 pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos polo Instituto Galego de Estatística no terceiro cuadrimestre de 2008.

De acordo co previsto no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (DOG nº 136, do 14 de xuño), onde se establece que os organismos autónomos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia deberán publicar cuatrimestralmente no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración asinados no cuadrimestre

anterior, e en virtude das facultades que teño concedidas,

RESOLVO:

Único.-Facer pública a relación de convenios subscritos polo Instituto Galego de Estatística nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro de 2008, que se anexa a esta resolución.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2009.

Ángel L. Tarrío Tobar
Director do Instituto Galego de Estatística

ANEXO

Convenio	Data de sinatura	Importe
Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Estatística e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas dos alumnos do Máster oficial de desenvolvemento rexional e integración económica.	30-09-2008	-
Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Estatística e o Instituto Nacional de Estatística para a realización da Enquisa social 2008: fogares e ambiente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.	3-10-2008	-

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Corrección de erros.-Resolución conxunta do 20 de xaneiro de 2009, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional e da Escola Galega de Administración Sanitaria, pola que se convocan cursos de formación continua para o persoal do Servizo Galego de Saúde.

Advertidos erros na citada resolución, publicada no DOG nº 18, do 27 de xaneiro, cómpre facer as oportunas correccións:

Na páxina 1.773, na base quinta.-Criterios de selección de alumnos, no número 5, onde di: «5. Terán prioridade os empregados públicos con maior número de tempo de servizos prestados. Este dato consultarao directamente a comisión mixta de selección das bases de datos de persoal (FIDES) e o solicitante deberá presentar, nos prazos establecidos para o envío das solicitudes de preinscrición, unicamente os servizos prestados fóra do Sistema Público de Saúde de Galicia enviándoos a:», debe dicir: «5. Terán prioridade os empregados públicos con máis tempo de servizos prestados. Este dato facilitaráselle directamente á comisión mixta de selección das bases de datos de persoal e o solicitante deberá achegar, nos prazos establecidos para o envío das solicitudes de preinscrición, unicamente os servizos prestados fóra do Sistema Público de Saúde de Galicia enviándoos a:».

Na páxina 1.773, na base quinta.-Criterios de selección de alumnos, no número 6, onde di: «6. En cada un dos tres puntos anteriores, terán preferencia na selección os aspirantes que nos últimos dous anos estean utilizando ou utilicen unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou excedencia para coidado de familiares, de acordo co previsto no artigo 45 da Lei 7/2004, para a igualdade efectiva de mulleres e homes», debe dicir: «6. En cada un dos tres puntos anteriores, terán preferencia na selección os aspirantes que nos últimos dous anos estean utilizando ou utilizen unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para coidado de familiares, de acordo co previsto no artigo 45 da Lei 7/2004, para a igualdade efectiva de mulleres e homes».

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Corrección de erros.-Orde do 18 de xullo de 2008 pola que se convoca proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo de xestión da Xunta de Galicia, subgrupo A2.

Advertido erro na orde antes citada, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 144, do 28 de xullo de 2008, é necesario facer a seguinte corrección:

Na páxina 14.417, onde di: «II.2.3. Rematada a fase de oposición, desde a publicación polo tribunal das notas do segundo exercicio...», debe dicir: «II.2.3. Desde a publicación polo tribunal das notas do segundo exercicio...».

Na páxina 14.421, onde di: «21. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: títulos I a IV.», debe dicir: «21. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: capítulos I a IV».

Corrección de erros.-Orde do 18 de xullo de 2008 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Xunta de Galicia, subgrupo A2.

Advertido erro na orde antes citada, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 144, do 28 de xullo de 2008, é necesario facer a seguinte corrección:

Na páxina 14.431, onde di: «21. Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: títulos

los I a IV.», debe dicir: «21. Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: capítulos I a IV.»

Resolución do 29 de xaneiro de 2009, do tribunal designado pola Orde do 17 de xaneiro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 14, do 21 de xaneiro), para xulgar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D), pola que se fai pública a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo.

En sesión que tivo lugar o día 29 de xaneiro de 2009, o tribunal designado pola Orde do 17 de xaneiro de 2008 (DOG nº 14, do 21 de xaneiro), para xulgar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D), de conformidade co disposto na base IV da convocatoria:

ACORDOU:

Primeiro.-Facer pública, como anexo a esta resolución, a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuacións obtidas e con indicación do seu documento nacional de identidade.

De acordo coa mencionada base, os aspirantes dispoñen dun prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución, para presentaren a documentación prevista nas letras a), b), e c) da citada base.

Segundo.-Elevar a devandita relación á titular da Dirección Xeral de Función Pública para que elabore a proposta de nomeamento como funcionarios de carreira dos aspirantes que figuren nela.

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2009.

Freddy Viso López
Presidente do tribunal